



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO DO 2016.**

#### SRES. ASISTENTES:

Alcaldesa - Presidenta:

D<sup>a</sup>. Rocío López García.

Tenentes de Alcalde:

D. Manuel Arango Ron.

D. Carlos Rivas Rivas.

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Mercedes Dengra Sixto.

Secretaria -Interventora:

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>. Goña Glez. Pedregal.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as TRECE HORAS (13,00) do día VINTE E TRES DE FEBREIRO do 2016 reúnese a Xunta de Goberno Local baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa - Presidenta, asistindo os señores relacionados ao marxe e actuando como fedataria, a Secretaria da Corporación.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia, pasouse ao exame e deliberación dos asuntos comprendidos na Orde do Día, adoptándose os acordos que se relacionan seguidamente:

#### **1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (26/01/2016).**

Preguntados os membros da Corporación pola Alcaldía se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data VINTE E SEIS DE XANEIRO DO 2016 (26/01/2016) e no habendo nada, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

#### **2º.- CORRESPONDENCIA OFICIAL.**

Neste punto da orde do día deuse conta dos escritos que se relacionan a continuación, quedando a Xunta de Goberno Local enterada do contido de todos eles, a saber:

A) Escrito núm. 277 de 21/01/2016, que tivo entrada nas oficinas municipais o 26/01/2016, do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Lugo, polo que se achega a lista definitiva de vivendas vacantes segundas adxudicacións no Casco Histórico.

B) Escrito núm.17203 de 12/02/2016 da Dirección Xeral de Comercio, que tivo entrada nas oficinas municipais o 26/01/2016, pola que se achega Resolución de 16/02/2016 no que se autoriza a aplicación das tarifas máximas (IVE excluído) do servizo municipal de subministración de auga e que foran aprobadas polo Pleno da Corporación na sesión de 24/11/2015.

C) Escrito núm. 9967 de 10/12/2015 da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, que tivo entradas nas oficinas municipais o 16/12/2015, polo que se remite Resolución do director da Axencia de 07/12/2015 en relación con expediente LUG/219/2014-RP1 referente ás obras con referencia catastral 27027C006014170000DU e 27027C006014180000DH, executadas nas parcelas núm. 1417 e 1418 do polígono 6, no lugar do Carballal, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá)

D) Escrito núm. D4721S DE 02/02/2016 de SOGAMA, que tivo entrada nas oficinas municipais o 04/02/2016 e polo que se informa do importe do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o ano 2016, fixándoo en 67,18 euros por tonelada de residuos domésticos xestionadas (IVE excluído), sen experimentar variación respecto

o ano anterior posto que a taxa de variación anual do IPC correspondente a decembro do 2015 foi do 0,0 %.

E) Tamén deuse conta da publicación no Diario Oficial de Galicia núm. 20 de 01/02/2016 do anuncio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola súa Resolución de 29/12/2015 pola que se fai público o acordo de cesión en propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuito, dun inmovible no concello de Lourenzá, con Referencia Catastral 27027C008023330000DD, sito no Polígono 8, parcela 2333 da zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur.

### **3º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.**

#### **A).- EXPDTE 1.261/15 DE D. TEOLINDO RON MOSCOSO PARA REHABILITACION DE CUBERTA DE BODEGA.**

Vista a solicitude presentada por D. TEOLINDO RON MOSCOSO con DNI. Núm. 33.756.980H con domicilio en Ferrería, 2 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, quen solicita permiso para rehabilitación de cuberta de bodega, sita en Ferrería, 2 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, segundo Memoria Valorada redactada e xullo de 2015 polo arquitecto técnico D. José Martínez Mántaras.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 02/02/16 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección de Espacios Naturais.

- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as aliñacións nin volumes existentes.

- As obras solicitadas refírense unicamente á substitución de material de cubrición e do entaboado e por tanto teñen a condición de obra menor de acordo co disposto no artigo 195.3 da Lei 9/2002 e segundo o disposto na Lei 2/2010 para obras menores non é necesaria autorización autonómica.

- As obras darán cumprimento as condicións xerais e particulares establecidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas -Augas de Galicia que figuran no expediente de autorización DH.W27.50480 de data 13 de xaneiro de 2016, que se transcriben textualmente:

#### **I.-XERAIS:**

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executa-las obras conservando as servidumes legais existentes.

3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a aprobación previa de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, e serán pola



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



conta do beneficiario as remuneracións e os gastos que por eses conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se ditén, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como, en xeral ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o organismo competente en materia de calidade medioambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, e quedará obrigado á su indemnización e a realiza-los traballos que a Administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis. A revogación declararase por resolución motivada de Augas de Galicia, que poderá adopta-las medidas que considere necesarias para garanti-las condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude de disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións e, en particular, da licenza municipal de obras.

### II.- PARTICULARES:

1.- As obras consisten na substitución da cuberta de lousa actual deteriorada 89 m<sup>2</sup> por unha nova de similares características mantendo todas as dimensións e formas da construción tal e como están na actualidade. As obras sitúanse a 18 m de distancia dunha canle de derivación e a 34 m de distancia do río Baos.

2.-As obras que se autorización deberán limitarse aos traballos de mantemento sinalados, sen aumentar as súas dimensións nin en forma nin en volume construído, sen que esta autorización supoña a legalización da obra preexistente.

3.-Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.

4.-Evitarase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira.

5.- Deixarase en todo caso expedita a franxa de servidume de 5 metros de ancho medidos a partir do borde ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

6.-De xeito especial, prohibese verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como o cambio de aceite de maquinaria de construción.

7.-Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de materiais que poidan incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.

Os residuos xerados durante a construción deberán ser tratados adecuadamente, e deberase presentar o xustificante de seren trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado antes do recoñecemento final e como premisa previa a este.

8.-As obras comezarán no prazo de doce (2) meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución extingúndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido ese prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.

9.- Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."

Cumpriránse as condicións particulares e xerais que figura no informe do Ministerio de Fomento de referencia Lugo-A337-2015-2 DE DATA 22/01/16 e que se transcribe textualmente:

"A) CONDICIONES PARTICULARES.

1.- SE AUTORIZA, por lo que a la carretera se refiere, a REPARAR CUBIERTA DE BODEGA-ALMACEN. Dicha actuación no supondrá un aumento del volumen edificado.

2.- Serán de aplicación las condiciones generales que se adjuntan.

3.- Las obras deberán ser ejecutadas en el plazo de DOS AÑOS contados a partir de la notificación de la concesión de la autorización, transcurrido este plazo sin que se haya solicitado prórroga, esta autorización no tendrá validez ni efecto.

B)CONDICIONES GENERALES.

1.-Para cualquier consulta o trámite sobre este expediente deberá dirigirse a la Unidad de Carreteras en Lugo (c/ Ronda de la Muralla 131,3º 27071 LUGO Telf:982216312).

2.-Esta autorización se otorga sin perjuicio de otras competencias concurrentes, dejando a salvo el derecho de propiedad y sin perjuicio de terceros.

3.- El beneficiario de la autorización deberá exhibir una copia de la misma cuando se le requiera por personal efecto al Servicio de Carreteras del Estado.

4.- Las obras se efectuarán sin interrumpir el tránsito por la carretera y sin ocupar ningún elemento de la misma (calzada, arcenes, cunetas) con materiales, andamios, maquinaria o vehículos, salvo circunstancias y con las prescripciones que expresamente se indiquen en las condiciones particulares y siempre cumpliendo la prescripción nº 5 de estas condiciones generales.

5.- No se podrán iniciar las obras sin que la Unidad de Carreteras en Lugo haya reconocido de conformidad su replanteo. A estos efectos, el interesado deberá comunicar por escrito a la misma, o a la vigilancia de la zona, con una antelación mínima de diez días, la fecha que prevea para dicha operación. El citado Centro mostrará su conformidad o, en su caso, hará constar los reparos que entienda oportunos, concediendo el plazo necesario para su subsanación. Se extenderá un acta de conformidad del replanteo de las obras, cuya formalización implicará el permiso definitivo de iniciación de las obras, sin perjuicio de lo señalado en la prescripción nº 7 de estas Condiciones Generales. Al amparo de esta autorización no se permite realizar más obras que las expresamente solicitadas y que están sujetas a las presentes condiciones generales y particulares. Si se precisa realizar otro tipo de obras dentro de la zona de afección de la carretera, aunque sean complementarias de la solicitada, tales como accesos, desagües, saneamiento, cerramientos, cambios de uso de la construcción, etc., requerirán necesariamente una nueva solicitud y autorización expresa.

En cuanto a los días y horas de ejecución de las obras solicitadas, y según lo dispuesto en la sucesivas notas de servicio de la Dirección General de Carreteras y de la Dirección General de Tráfico sobre "restricciones a la ejecución de obras en las calzadas, motivadas por las operaciones de desplazamiento masivo de vehículos", se dispone las siguientes:

Los trabajos de deberán realizar en días laborales con las siguientes restricciones:

\*Los viernes y vísperas de festivos, solo hasta las 13,00 horas.

\*Los lunes y días posteriores a festivos solo después de las 8:00 horas.

No obstante, durante la ejecución de las obras se tomarán las precauciones necesarias para garantizar la seguridad del tráfico rodado y peatonal em dicha zona, colocándose la señalización y balizamiento dispuesto en la O.M. sobre Señalización, Balizamiento, Limpieza y Terminación de Obras Fijas fuera de Poblado (Norma de Carreteras 8.3-IC "Señalización de Obras" de 31 de agosto de 1987, teniendo en cuenta las Recomendaciones de Señalización Móvil de Obras y el Manual de Ejemplos de Señalaización de Obras Fijas del Ministerio de Fomento), Ley de Seguridad Vial y su Reglamento General de aplicación y otras disposiciones



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

TIF: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



vigentes. Siendo el peticionario el único responsable de los accidentes a que pudieran dar lugar una insuficiente señalización o mal estado de conservación o colocación de la misma, debiendo retirarla tan pronto como se terminen las obras.

6. La Dirección General de Carreteras queda exenta de cualquier responsabilidad derivada de los eventuales accidentes a que estas operaciones puedan dar lugar.

7. Las obras se realizarán sin afección al tráfico o con la mínima afección posible, ejecutándolas, en este último caso, en periodos de muy baja intensidad de tráfico. En el caso de que la obra afecte al tráfico, se deberá presentar ante la Unidad de Carreteras de Lugo, con una antelación de diez (10) días como mínimo, un programa con fecha de inicio, horario y duración de la afección así como las medidas de seguridad adicionales que se prevén adoptar, medidas que deberán aprobadas expresamente por la Dirección General de Carreteras a través de la Unidad de Carreteras en Lugo, previamente a la comprobación de replanteo, que podrá requerir la presencia de la Autoridad competente a los efectos de la vigilancia del tráfico en las vías públicas, si así lo considerase procedente.

8. El peticionario será responsable de los daños y perjuicios que, con motivo de las obras, pueden ocasionarse a la carretera, a su zona de influencia, a terceros o en la propia construcción, quedando obligado a repararlos por su cuenta.

9. En ningún caso se podrá entorpecer el libre curso de las aguas procedentes de la carretera, cunetas, obras de desagüe o saneamiento de la misma, y a estos efectos el peticionario queda obligado a realizar a su costa todas las obras que para ello se consideren necesarias a juicio del Servicio de Conservación.

10. Serán de cuenta del peticionario la buena conservación y limpieza permanente de la obra y del terreno situado en ésta y la carretera, debiendo retirar a la terminación de las obras todos los materiales sobrantes y escombros.

11. No se autoriza el empleo de explosivos para efectuar los desmontes, derribos o explanación que puedan ser necesarios para el emplazamiento o ejecución de las obras solicitadas, salvo autorización expresa de esta Demarcación.

12. No podrán verse a la calzada, arceles, cunetas, desmontes o terraplenes de la carretera, las aguas de lluvia y otras procedentes de la construcción autorizada.

13. Estas condiciones dan por supuesto que son ciertos cuantos datos ha suministrado el peticionario y en especial el de no resultar afectados por la autorización o por las obras o instalaciones que lleve consigo, bienes o derechos de terceras personas cuyo consentimiento no conste en el expediente. Si, como consecuencia de la autorización, resultaran ocupados o dañados bienes o derechos de terceras personas sin su consentimiento, el solicitante asume la total responsabilidad de los daños o perjuicios que causase a terceras personas y de los que pudieran seguirse a la Administración como consecuencia de ellos.

14. Las obras se ejecutarán cumpliendo todas las condiciones de garantía y seguridad impuestas por las disposiciones vigentes, y además de éstas, el peticionario aceptará las especiales que se puedan imponer para seguridad de la carretera y del tráfico, debiendo atender en todo momento a las indicaciones que a este respecto le sean hechas por la Unidad de Carreteras de Lugo.

15. Las obras o actividades se inspeccionarán por la Unidad de Carreteras de Lugo. Si se apreciaran desviaciones respecto a la documentación presentada o de las condiciones impuestas en la autorización, se incoará el procedimiento a que hace referencia el art. 35 de la Ley de Carreteras, sobre paralización de obras o instalaciones o suspensión de usos no autorizados o que no se ajusten a las condiciones establecidas en las correspondientes autorizaciones, sin perjuicio de las sanciones y de las responsabilidades de todo orden que resulten procedentes.

16. Esta autorización se concede a título precario, en consecuencia el peticionario o quien de él traiga causa, no adquirirá derecho alguno sobre los bienes de dominio público, respecto de los cuales la Administración por causas de

interés general, podrá modificar la autorización, suspenderla o extinguirla, cuando se den los supuestos previstos en el artículo 96 del Reglamento General de Carreteras, y ajustándose al procedimiento que en el mismo se determina, sin que adquiera aquél por ello derecho a indemnización alguna.

17. Igualmente, será obligación del titular de la autorización la buena conservación, mantenimiento y la permanente limpieza, a su cargo, de las obras que se autorizan. Los servicios de la Unidad de Carreteras de Lugo podrán inspeccionar, en todo momento, el estado de conservación de las obras y señalar las reparaciones que deban realizarse, quedando obligado dicho titular. Siendo aplicable lo referente a la ejecución subsidiaria conforme establece el art. 117.a del Reglamento General de Carreteras, para el caso de que dichas reparaciones se consideren urgentes.

18. en caso de que el peticionario, durante la ejecución de las obras o en la fase de explotación de las mismas, realice en el dominio público actuaciones que, aunque no produzcan daños materiales, perjudiquen a la circulación o no se pueden autorizar con arreglo a la normativa viaria estatal, como puede ser el caso de establecimiento de algún acceso realizado sin autorización, se actuará por esta Administración viaria según lo previsto en el artículo 118 del Reglamento General de Carreteras.

19.- El incumplimiento de cualquiera de las condiciones impuestas será causa de anulación de esta autorización, pudiendo instruirse el expediente de sanción a que hubiere lugar.

20.- Si las obras no se iniciasen en el plazo señalado en las condiciones particulares será causa suficiente, sin más trámites, para la anulación de la misma.

21.- La no ejecución de las obras dentro del plazo concedido para su terminación será causa suficiente, sin más trámites, para la anulación de la misma con pérdida de todos los derechos.

22.- Una vez terminadas las obras o actividades solicitadas, el peticionario lo comunicará a la Unidad de Carreteras de Lugo, que procederá a su reconocimiento y conformación de que las obras se han realizado de acuerdo con las condiciones impuestas.

23.- Una vez terminado el plazo de garantía, vigente, el peticionario lo comunicará a la Unidad de Carreteras de Lugo que procederá a su reconocimiento, devolviéndose el depósito previo constituido si las obras se han realizado de acuerdo con las condiciones impuestas, o el sobrante que hubiera si la Administración estima necesario realizar por cuenta del peticionario reparaciones o acondicionamiento de elementos o terrenos afectados por las obras realizadas.

24.- Cualquier otra cuestión no mencionada en estas precripciones deberá contemplarse de acuerdo con lo dispuesto en la Ley 37/2015, de 29 de septiembre, de Carreteras y el Real Decreto 1812/1994, de 2 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Carreteras."

3.- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 24 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos trinta e castro euros con doce céntimos (234,12.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en sete mil oitocentos catro euros (7.804,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **B).- EXPDTE 396/15 DE D. MANUEL LOPEZ ANDIA PARA REHABILITACION DE CUBERTA DE VIVENDA E PALLEIRA.**

Vista a solicitude presentada por D. MANUEL LOPEZ ANDIA con DNI. Núm. 76.558.931G con domicilio en Veiga, 1 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, quen solicita permiso para rehabilitación de cuberta de vivenda e palleira en Veiga, 1 da Parroquia de San Adriano deste Termo



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



Municipal, segundo Memoria Valorada de fecha Marzo/2015 redactada por el arquitecto D. Álvaro José López Aenlle, colexiado núm. 1605 del COAG.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 11/02/16 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a

seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

-Na documentación presentada indícase que se substitúe o entaboadado e a pizarra polo que a memoria valorada firmada por técnico considérase documentación suficiente.

3.- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 2 anos.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trescentos dous euros con cincuenta e un céntimos (302,51.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dez mil oitenta e tres euros con setenta e seis céntimos (10.083,76.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **C).- EXPDTE 112/16 DE D. JOSE RAMON TEIJO LOMBARDEO PARA SUBSTITUCION DE CUBERTA E REPARACION DE PALLEIRA EXISTENTE.**

Vista a solicitude presentada por D. JOSE RAMON TEIJO LOMBARDEO con DNI. Núm. 33.834.004S con domicilio en Vilar, 13 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, quen solicita permiso para substitución de cuberta e reparación de palleira existente en Vilar, 13 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, segundo proxecto técnico visado redactado pola Arquitecta D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Mayte Vidal Lourido, colexiada número 4088 do COAG de data marzo de 2015.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 02/02/16 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a

seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

3.- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cincocentos tres euros con trinta e sete céntimos (503,37.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dezaseis mil setecentos setenta e nove euros

con nove céntimos (16.779,09.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**D).- EXPDTE 1/16 DE PRÓRROGA DE LICENCIA DE OBRA PARA CONSTRUCCIÓN DE MURETE E BEIRARRÚA.-** Vista solicitude de data 21/12/2015 de D. MARIO LEITON RAMALLAL, con D.N.I. nº 33.844.382, con domicilio en Currega, 4, da Parroquia de San Adriano de este Termo Municipal, na que insta prórroga da licenza de obra concedida pola Xunta de Goberno Local con data 20 de xaneiro de 2015 para construción de murete e beirarrúa, en Currega, 4, San Adriano, e cun prazo de execución de 12 meses, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:

Conceder a D. Mario Leitón Ramallal, prórroga da licenza de obra concedida para construción de murete e beirarrúa, en Currega, 4, San Adriano por un prazo de inicio de tres meses e de terminación de 12 meses a partir de la caducidade da licenza, febreiro de 2016 e coas mesmas condicións ca licenza concedida o día 20 de xaneiro de 2015.

**E) EXPTE. 198/16 DE CAMBIO TITULARIDADE DE ESTABLECEMENTO DEDICADO A VELATORIO DE DEOS SERVICIOS FUNERARIOS C.B.**

Visto o escrito presentado por D. OSCAR VALIÑO PIN, con D.N.I. Nº 76.574.120J en representación de DEOS SERVICIOS FUNERARIOS C.B., con C.I.F. E27472976 con domicilio en Forxa, 10 da Parroquia de Santo Tomé de este Termo Municipal, quen solicita o cambio de titularidade de establecemento dedicado a "VELATORIO", sito en Forxa, 10, da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal que ata agora figuraba a nome de Pousada Multiservicios S.L. e para que figure a nome de Deos Servicios Funerarios C.B., para o que acompaña á solicitude copia da licenza de apertura de establecemento, copia da escritura pública de compravenda de negocio e copia a acta de constitución de Deos Servicios Funerarios C.B.

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación presentada, así como o informe do Arquitecto Técnico Municipal D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de data 11/02/16, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión e que constitúe o seu número legal, acordou acceder ao devandito cambio de titularidade.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría -Intervención da taxa por licenzas de apertura de establecemento, cambio de titularidade segundo a cal deberá abonar dezanove euros con cincuenta e cinco céntimos (19,55.-).

#### **4º.- PROPOSTAS DE ALCALDÍA.**

**A) ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DO SERVIZO DE "AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE LOURENZÁ (MODALIDADE DEPENDENCIA FINS DE SEMANA E FESTIVOS, E MODALIDADE DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DE LUNS A VENRES PARA COBERTURA DE VACACIÓNS, BAIXAS, PERMISOS E OUTRAS EVENTUALIDADES DO PERSOAL LABORAL MUNICIPAL)"** .

Visto que tanto pola Traballadora Social como pola Alcadesa detectouse necesidade de realizar a contratación do servizo consistente na "Axuda a Domicilio do Concello de Lourenzá (modalidade dependencia fins



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



de semana e festivos, e modalidade de dependencia e libre concorrencia de luns a venres para cobertura de vacacións, baixas, permisos e outras eventualidades do persoal laboral municipal)" debido a que o custo do servizo anual excedía das dezaoto mil 18.000,00.-) euros.

Visto que dadas as características do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que por Secretaría- Intervención emitiu un informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 14/12/2015 acordouse iniciar o expediente para a devandita contratación e foron redactados, aprobados e incorporados ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a adxudicación do contrato do citado servizo.

Visto que por Secretaría -Intervención realizouse a retención de crédito oportuna na partida 231.221 do vixente presuposto de gastos.

Visto que o día 18/12/2015 solicitáronse ofertas ás seguintes empresas : SERVIZOS SOCIAIS SAN ROQUE de Viveiro, IDADE DE OURO, SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L. de Ribadeo e COIDADOS, S.L. SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO E LIMPEZAS EN XERAL, de Xove.

Visto que o día 11/01/2016 foron certificadas as dúas ofertas presentadas que constan no expediente.

Visto que o día 19/01/16 o órgano de negociación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou unha primeira valoración a favor da empresa Idade de Ouro, e que posteriormente, nunha segunda fase de negociación, na reunión do día 25/01/16, despois da presentación de melloras nas ofertas por ambas empresas, realizou unha nova valoración a favor da empresa SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, sendo os resultados da valoración o seguinte:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA (máx. 6 p)	BOLSA EXTRAORDINARIA DE HORAS (máx.1,5 p)	PROXECTO DE ORGANIZACION (máx. 1,5 p)	PLAN FORMACION (máx. 1 p)	TOTAL (Max. 10p)
IDADE DE OURO	0,34	1,50	1,35	1,00	4,19
SAN ROQUE	6	1,44	1,50	0,35	9,29

Visto que o día 26/01/2016, a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación declarou como oferta máis favorable a emitida pola empresa SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE.

Visto que se lle requiriu ao candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa que presentase a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que constituíse a garantía definitiva.

Despois de examinar a documentación achegada e unha vez visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Que se lle adxudique á empresa SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, con CIF.B-27333160 e domicilio social en Rúa Verxeles núm.20 (Viveiro), e na súa representación a D.Jaime Roberto Castelo García, con NIF. Núm. 77.595.532-H, o contrato de servizos de "Axuda a Domicilio do Concello de Lourenzá (modalidade dependencia fins de semana e festivos, e modalidade de dependencia e libre concorrencia de luns a venres para cobertura de vacacións, baixas, permisos e outras eventualidades do persoal laboral municipal)" por procedemento negociado sen publicidade e coas seguintes características:

HORAS	PRECIO SIN IVA	IVA	PRECIO CON IVA	TOTAL
1.200	12,48	0,50(4%)	12,98	15.576,00
700	11,52	0,46(4%)	11,98	8.386,00
300	11,52	1,15 (10%)	12,67	3.801,00
				27.763,00

SEGUNDO.-Que se dispoña o gasto con cargo á partida 231.221 do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Que, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, se lles notifique a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios .

CUARTO.- Que se lle notifique a D. Jaime Roberto Castelo García en representación da empresa Servizos Sociais San Roque, adxudicatario do contrato, esta resolución e que o citen para a sinatura do contrato, una vez que ten constituída a garantía definitiva por un importe de MIL TRESCENTOS VINTECATRO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (1.324,80.-), mediante aval bancario núm. 10001044271 do Banco de Sabadell de 12/02/2016.

QUINTO.- Que se publique a formalización do contrato do dito servizo no perfil do contratante e que se lle comuniquen os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

**B) DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA NÚM. 64/2015 SOBRE RESOLUCIÓN DA PROCEDENCIA DO REINTEGRO DA SUBVENCIÓN DO MUSEO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CULTURA DOS PAZOS GALEGOS (PROXECTO D-12-32330-629) E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

En relación co expediente D12-32330-629: Museo e Centro de Interpretación da Cultura do Pazos Galegos e,

Visto o escrito núm.79 de 21/01/2016 achegado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Consellería do Medio Rural e do Mar que tivo entrada nas oficinas municipais o día 26/01/2016, sendo rexistrada de entrada co núm. 111, no que se comunica que por Resolución do Director Xeral dese organismo de data 19 de xaneiro do 2016 adoptouse



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



o acordo de inicio do procedemento de reintegro do anticipo do proxecto D12-32330-629 : Museo e Centro de Interpretación da Cultura do Pazos Galegos, incluído no Programa de Proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, Convocatoria 2012.

Visto que dito anticipo ascende a cantidade de CINCUENTA E SEIS MIL OITOCENTAS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (56.856,20).

Visto que o Concello de Lourenzá manifestara o seu desacordo coa Resolución do Director Xeral do AGADER de 31/01/2014 na que declarábase a perda do dereito ao cobro da subvención concedida para proxecto enriba indicado, baseándose para adopción de dita resolución no artigo 33.1c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en relación co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Visto que o Concello manifestou a súa desconformidade presentando, en primeiro lugar, Recurso de Reposición contra dita resolución de perda do dereito ao cobro, que foi desestimado mediante Resolución da Presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), do 27 de marzo do 2014 e posteriormente Recurso Contencioso - Administrativo.

Entendendo que dita Resolución é contraria ó Ordenamento Xurídico, dito sexa co debido respecto e en termino de estrita defensa, por medio do presente ACORDASE interpoñer en tempo e forma **RECURSO DE REPOSICION** fronte á citada convocatoria con base nos seguintes **FEITOS:**

Primeiro.- Se aceptan os recollidos na resolución impugnada en canto non resulten contraditorios co contido do presente escrito de recurso.

Segundo.- Tal e como se recolle na resolución impugnada, debe destacarse o feito de que con data de 4 de Decembro de 2015 ditouse Sentencia polo Xulgado do Contencioso - administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, que coñecía do recurso contencioso fronte á resolución que agora tratase de executar.

Dita sentenza, con estimación parcial do recurso, revoca a resolución que por medio da presente trata de executarse. Declara o dereito do Concello de LOURENZÁ a percibir as axudas con cargo ó expediente referenciado, se ben con unha redución das aprobadas inicialmente do 20%. O que determinaría non a obrigação de reintegro desta parte, senón do pago por parte da administración demandada do resto de cantidades pendentes de abono no expediente.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Resultan de aplicación os citados de adverso, en canto a competencia e procedemento.

II.- Artigo 116 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, conforme ó que: “*Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo*”.

Sendo o acto do inicio do procedemento de reintegro, procede a interposición contra o mesmo do recurso potestativo de reposición por ser un acto que no pon fin á vía administrativa de conformidade co artigo 109 do mesmo texto legal.

Asúmesmo, e en canto á lexitimación para a interposición do recurso, está plenamente lexitimado a Xunta de Goberno Local por ser titular de intereses lexitimos afectados pola resolución impugnada (STS 24.09.92).

III.- Artigo 62.1 da Lei 30/1992, anteriormente citada. Conforme á que: *“Los actos de las Administraciones públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:*

- a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.*
- b) Los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.*
- c) Los que tengan un contenido imposible.*
- d) Los que sean constitutivos de infracción penal o se dicten como consecuencia de ésta.*
- e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados.*
- f) Los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición.*
- g) Cualquier otro que se establezca expresamente en una disposición de rango legal”.*

Entendemos que a resolución impugnada ten un contido imposible, e isto, por carecer manifestamente de obxecto, o procedemento de execución, al ter sido revocada polo Xulgado a resolución que serve de base ó mesmo.

Comezase o presente recurso, facendo alusión ós principios xerais ós que debe servir a actuación das administracións públicas. Art.3 da Lei 30/1992:

*“1. Las Administraciones públicas sirven con objetividad los intereses generales y actúan de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la Constitución, a la Ley y al Derecho.*

*Igualmente, deberán respetar en su actuación los principios de buena fe y de confianza legítima.*

*2. Las Administraciones públicas, en sus relaciones, se rigen por el principio de cooperación y colaboración, y en su actuación por los criterios de eficiencia y servicio a los ciudadanos.”*

Obvia, por ser redundante a cita dos preceptos constitucionais, de ordenación e funcionamento da Administración Pública, da Lei Orgánica do Poder Xudicial e a propia Lei da Xurisdición contencioso administrativa, que establecen a obrigación da Administración actuante de someterse ás resolucións e sentencias dos Tribunais de Xustiza.

Baste citar aquí os artigos 71.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa: *“Cuando la sentencia estimase el recurso contencioso - administrativo:*

*a) Declarará no ser conforme a Derecho y , en su caso , anulará total o parcialmente la disposición o acto recurrido o dispondrá que cese o se modifique la actuación impugnada .*

O tamén o artigo 72.2 do citado texto que di: *“La anulación de una disposición o acto producirá efectos para todas las personas afectadas.”*

Polo tanto, e no presente expediente, enfrontámonos a un escenario no que a administración está dando inicio a un proceso de execución e recadación, que ten, como base unha resolución que foi revocada xudicialmente e que polo tanto tense declarada, por un órgano competente



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



para elo, e por resolución fundamentada en dereito, como contraria ó Ordenamento Xurídico e revocada no seu contido fundamental, que é a perda do dereito desta parte á obtención de axudas, aquel que inxustamente tratase de executar.

Polo tanto resultaría meridianamente clara, no presente expediente, a concorrencia da causa de nulidade alegada, a inexistencia de obxecto do procedemento de execución, así como a nulidade da resolución impugnada.

Asombra que a Axencia ante a que se presenta o Recurso, pretenda agora, a estas alturas (cando non o fixo ó longo de todo o tempo transcorrido dende a desestimación do recurso administrativo), abrir un proceso de execución, con causa nunha resolución declarada ilegal por un Tribunal de Xustiza, baixo o pretexto de que foi admitido recurso de apelación fronte á mesma.

Efectivamente, e aínda que, expresamente, non se diga na resolución impugnada, ol recurso de apelación interposto pola administración demandada é admisible, segundo di o artigo 83 da Lei 29/1998, en ambos efectos. E, polo tanto, no despregaría a mesma os seus efectos de maneira inmediata.

Agora ben, entendese polo Concello que non pode a administración instrutora obviar os pronunciamentos da resolución xudicial, que declara a ilegalidade do acto administrativo, e tratar de facer efectivo o contido de dita resolución, ó abeiro dunha cuestión procedimental e en tanto sustancie dito recurso, buscando unha aparencia de legalidade en franca contradición coas cuestións de fondo afectadas e subtraendo con elo as súas competencias ó órgano xudicial, sen que elo se asemelle moito a un claro fraude de Lei levado a cabo por parte da Axencia, obtendo un resultado no desexado polo Ordenamento xurídico (recordemos que o pronunciamento da sentenza de instancia significa a non conformidade a dereito do acto) coa cobertura da norma procesal, buscando a aparencia de legalidade.

Actuación que entra en franca contradición cos artigos e principios xerais da actuación administrativa que temos exposto anteriormente e que determinarían, igualmente, a nulidade da resolución impugnada.

**Non é acorde co principio de boa fe a vantaxe que do recurso pretende obter a administración, executando pola forza, o que o dereito tenlle negado,** sobre todo cando púxose de manifesto no expediente, e no escrito de alegacións previas, o grave prexuízo que, da execución da resolución, se derivaría para o Concello que, neste momento non conta coa capacidade económica para facer fronte á devolución de dita cantidade.

Si o argumento do AGADER é que a resolución non é firme, esta parte quixera recordarlle que o artigo 84 da Lei 29/1998 di que: *"La interposición de un recurso de apelación no impedirá la ejecución provisional de la sentencia recorrida."*

E que, o propio artigo 83 da mesma Lei, al que se aferra a resolución impugnada, di que: *"no obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el Juez, en cualquier momento, a instancia de la parte interesada, podrá adoptar las medidas cautelares que sean pertinentes para asegurar, en su caso, la ejecución de la sentencia atendiendo a los criterios establecidos en el Capítulo II del Título VI."*

O que, no momento actual, xa se procedeu a solicitar do Xulgado e poñendo en coñecemento do mesmo a actuación da administración

autonómica, por se a mesma puidérase considerar un acto de obstrución á xustiza.

Por todo o exposto , a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- SOLICITAR Á AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL** que tendo por presentado este escrito se sirva en admitilo e teña por efectuado en tempo e forma **RECURSO DE REPOSICION** contra o seu acordo de data 19.01.2016, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 26/01/2016, sendo rexistrado de entrada co núm.111, na que se resolve declarar que procede o reintegro da cantidade que recibiu o Concello de Lourenzá, con NIF. P2702700B, para o proxecto D12-32330-629, por importe de 56.856,20 Euros, e na súa virtude, dite resolución pola que, con estimación dos pedimentos contidos no mesmo, se acorde a anulación de dito acordo por no ser este axustado ó ordenamento xurídico.

**SEGUNDO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García para a xestión de trámites e sinatura de documentos que fosen necesarios para a execución do presente acordo.

**OTROSÍ DECIMOS.-** A salvo de todo o ata aquí exposto, e con carácter cautelar, ós estritos efectos da defensa dos dereitos e esta parte, con amparo no artigo 111 da Lei 30/1992 por medio da presente solicitamos a suspensión da resolución impugnada polos seguintes motivos:

Di o art. 111.1 da Lei 30/1992: *“el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el perjuicio que se causa al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurran alguna de las siguientes circunstancias:*

*a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.”*

*b ) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 62. 1 de esta Ley .*

Facendo lectura e interpretación do artigo sinalado, podemos afirmar que a suspensión pode adoptarse cando a execución do acto faga perder o fin do recurso, ou, o que é o mesmo, cando se faga irrealizable o inviable a eventual estimación do recurso porque a finalidade da medida é asegurar a efectividade da sentenza. Ademais, si se perdese o fin lexítimo do recurso, a medida cautelar podería denegarse cando provoque unha perturbación grave dos interese xerais o dun terceiro, polo que, o Tribunal ponderará os intereses en xogo previa adopción da medida.

En canto á perda da finalidade lexítima do recurso, (*periculum in mora*), a adopción da medida cautelar de suspensión esixe, que a execución dos actos que se queren suspender, fixera perder a finalidade lexítima do recurso, é dicir, asegurar a execución da sentenza

No procedemento ante o que nos encontramos, esa sentenza xa foi ditada, e dado o seu contido, aboca necesariamente á suspensión ata en tanto non se resolva o presente recurso.

Ademais, a eventual indemnización non sería suficiente para compensar o dano que esta parte sufriría si tivera que levarse a efecto a devolución das cantidades reclamadas.



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



Así pois, o TS sempre accedeu á suspensión da execución do acto administrativo, no caso de que existisen motivos para a estimación do recurso.

Sobre os danos irreparables derivados da execución apresurada que a Administración pretende citaremos o enorme prexuízo para as arcas municipais, posto que non ten consignado dita cantidade no presuposto municipal vixente e ademais supón un montante elevadísimo para as arcas municipais, de feito non sería legalmente posible facer a transferencia nos prazos marcados na Resolución posto que veríámonos obrigados a facer un expediente de modificación de créditos que require aprobación plenaria inicial, exposición ó publico durante vinte días no Boletín Oficial da Provincia e aprobación definitiva no caso de haber alegacións, aparte do que suporía presupostariamente a disposición de ditos fondos, sería a total paralización da actividade municipal a nivel de investimentos, non poderse acoller a ningún tipo de Plan ou de axuda posto que todo o montante do gasto de investimento con fondos propios do concello, para todo tipo de programas, no proxecto de presuposto para o presente exercicio, non chega a esa cantidade, roldando ós 50.000,00 euros, e a cantidade que tería que devolver ascende a 56.856,12 euros.

No que se refire á posible perturbación dos intereses xerais ou dun terceiro, esta parte considera que os mesmos son inexistentes.

Entendemos, que o interese xeral non se dana pola adopción da medida cautelar posto que, agardar o eventual cumprimento da legalidade ata a sentenza, no vai a supoñer a produción de dano algún. Neste caso, máis ben ó contrario posto que tense declarado a conformidade a dereito da pretensión do Concello de Lourenzá.

Por outro lado, os intereses de terceiros tampouco se ven afectados. A xurisprudencia estableceu en múltiples ocasións que é necesario ponderar os intereses enfrontados e que cando as esixencias de execución que o interese público presente sexan tenues, bastarán prexuízos de escasa entidade para provocar a suspensión.

No noso caso, a afectación ó interese público, é reducida ou inexistente nin consta acreditado no expediente causa algunha que impidise a demora na execución da resolución impugnada.

Centrándonos agora nos prexuízos, debemos remitirnos ó dito anteriormente, y á Xurisprudencia citada, facendo fincapé en que os danos que se producirían a esta parte no son exclusivamente económicos senón tamén materiais e afectarían ós servizos públicos, que como administración, tamén presta o Concello de Lourenzá.

No referido ó denominado "fumus boni iuris", o fondo do asunto está resolto, e avala a posición do Concello de Lourenzá.

Por todo elo, entendese acreditado o fundamento desta impugnación, e polo mesmo, a procedencia da suspensión solicitada neste escrito.

En virtude do cal, se **SOLICITA** ó órgano que teña por solicitada a suspensión da resolución administrativa que se impugna, e nos seus méritos, e previos os trámites oportunos, se acorde a suspensión da resolución impugnada mentres no se resolva el recurso.

**C) DACIÓN DE CONTA DA ORDE DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE 30/12/2015 (DOG. NÚM.**

**248 DE 30/12/15) POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DE EMPREGO DENTRO DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACIÓN DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA PARA O ANO 2016 E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación e coñecido o contido da Orde arriba indicada e visto o proxecto formativo para a creación dun Obradoiro de Emprego compartido cos Concellos limítrofes de Barreiros e Trabada, denominado OBRADOIRO DE EMPREGO "SERRA DA CADEIRA III", así como O Proxecto de xaneiro/2016, redactado pola Arquitecta D<sup>a</sup>. Marta Sánchez Seivane, Colexiada núm. 2796 del C.O.A.G., a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto do Obradoiro de Emprego SERRA DA CADEIRA III a realizar conxuntamente polos Concellos de Barreiros, Trabada e Lourenzá, e que comprende as especialidades de Carpintería e Xardinería, á vez que delegase no Concello de Barreiros a tramitación, ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, da solicitude de axuda económica correspondente, e no seu caso, a posterior xestión do programa formativo ao abeiro da *Orde de dita Consellería de 30/12/15 (DOG. núm.248 de 30/12/15) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os Obradoiros de Emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016.*

SEGUNDO.-Apróba-las Memorias Valoradas, que integran o proxecto, redactadas pola Arquitecta D<sup>a</sup>. Marta Sánchez Seivane, Colexiada núm. 2796 do C.O.A.G., ascendendo o seu importe total a Cento oito mil setecentos sesenta e tres euros con sesenta e seis céntimos (108.763,66), e o importe dos materiais de todas elas a Dez mil Trinta e nove euros con doce céntimos (10.039,12.-) sendo a súa denominación detallada a que segue:

I.-MÓDULO DE CARPINTERÍA:

A) "MEMORIA VALORADA PARA A EXECUCIÓN DO ACONDICIONAMENTO DAS CARPINTERÍAS EXTERIORES DE EDIFICIOS MUNICIPAIS", ascendendo o seu presuposto, IVE incluído, a Sete mil trescentos corenta e dous euros con setenta e nove céntimos (7.342,79-)./Materiais: 1.579,24 euros.

B) MEMORIA VALORADA MANTEMENTO DE ELEMENTOS DE MADEIRA EN RUTAS, SINALIZACIÓNS E MIRADOIROS, deste termino municipal de Lourenzá, ascendendo o seu presuposto, IVE incluído, a Dezanove mil trescentos cincuenta e nove euros con corenta e seis céntimos (19.359,46-)./Materiais: 877,50 Euros.

C) MEMORIA VALORADA PARA O MANTEMENTO DA ESTRUTURA DE MADEIRA DO VIVEIRO DE COOPERATIVAS, sito no lugar de Ponte de Cuñas, parroquia de Santa María deste termino municipal de Lourenzá, e ascendendo o seu presuposto , IVE incluído, a Tres mil oitocentas trinta euros con vinte sete céntimos (3.830,27.-)./Materiais: 1.013,25 Euros.

D) MEMORIA VALORADA PARA ELABORACIÓN DO MOBILIARIO DO VIVEIRO DE COOPERATIVAS, sito no lugar de Ponte de Cuñas, parroquia de Santa María deste termino municipal de Lourenzá, e ascendendo o seu



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



presuposto , IVE incluído, a Dez mil oitocentos trinta e un euros con cincuenta e seis céntimos (10.831,56.-)/ Materiais: 2.825,44 euros.

**E) MEMORIA VALORADA PARA ELABORACIÓN E MONTAXE DE CASETA DE ESPERA DE TRANSPORTE ESCOLAR**, deste termino municipal de Lourenzá, e ascendendo o seu presuposto , IVE incluído, a mil trescentos trece euros con oitenta e nove céntimos(1.313,89.) /Materiais: 639,03 Euros.

### II.-MÓDULO XARDINERÍA:

**F) MEMORIA VALORADA PARA ACONDICIONAMENTO E AXARDINAMENTO DA FONTE DAS CARROCEIRAS**, na parroquia de San Xurxo, deste termino municipal de Lourenzá, e ascendendo o seu presuposto , IVE incluído, a Dous mil catrocentas dezaseis euros con noventa e cinco céntimos (2.416,95.-)/Materiais: 1.075,50 Euros.

**G) MEMORIA VALORADA PARA AXARDINAMENTO DO ENTORNO DA FONTE DE ADELLAO**, na parroquia de San Xurxo, deste termino municipal de Lourenzá, e ascendendo o seu presuposto , IVE incluído, a Catro mil setecentos setenta e seis euros con once céntimos (4.776,11.-). /Materiais: 1.619,16 Euros.

**H) MEMORIA VALORADA PARA RESTAURACIÓN AMBIENTAL DAS CONCAS DOS RÍOS BAOS E BATÁN**, ó seu paso polo termino municipal de Lourenzá, e ascendendo o seu presuposto , IVE incluído, a Vinte e Catro mil setecentos dezanove euros con sesenta céntimos (24.719,60.-).

**I) MEMORIA VALORADA PARA MANTEMENTO DA RUTA DE SENDEIRISMO E ESPAZOS VERDES**, no Concello de Lourenzá, e ascendendo o seu presuposto , IVE incluído, a Trinta e catro mil cento setenta e seis euros con tres céntimos (34.176,03.-)/Materiais: 410,00 Euros.

**TERCEIRO.-** Comprometerse, no caso de que concedan a subvención, ao cumprimento das obrigacións establecidas na Orde xa citada e ao abeiro da que se solicita a subvención así como do resto da normativa aplicable.

**CUARTO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### **D) EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPUESTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPUESTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EJERCICIO 2015.**

A continuación deuse conta da proposta da Alcaldía de data 19/02/2016 pola que se propón a aprobación da Liquidación do Presuposto Municipal correspondente ó Exercicio 2015, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que está redactada:

"Visto o expediente de liquidación do Presuposto deste Concello correspondente ó exercicio do 2015 e tendo en conta o informe emitido pola Secretaría -Intervención, en cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título VI da Lei citada, en materia presupostaria, esta Alcaldía,

ó abeiro das competencias que lle atribúen os mencionados preceptos, PROPÓN:

Primeiro.- Que pola Xunta de Goberno Local e de conformidade co disposto na Base de Execución núm. 48 do Presuposto, se aprobe a LIQUIDACIÓN do Presuposto Municipal deste Concello correspondente ó exercicio de 2015, de acordo co seguinte resume de resultados:

<b>A)</b>	<b>RESULTADO PRESUPUESTARIO</b>	<b>EUROS</b>
1	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	1.816.529,48
2	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS	1.638.964,65
3	RESULTADO PRESUPOSTARIO (1-2)	177.564,83
4	DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIAMENTO	0,00
5	DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIAMENTO	0,00
6	GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE	0,00
7	RESULTADO DE OPERACIÓNS COMERCIAIS	0,00
8	RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO (3-4+5+6+7)	<b>177.564,83</b>
<b>B)</b>	<b>REMANENTE DE TESOURERÍA</b>	
<b>1</b>	<b>(+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>	<b>435.783,73</b>
	De Presuposto de Ingresos. Exercicio Corrente	240.794,47
	De Presuposto de Ingresos. Presupostos Pechados	194.833,04
	Doutras operacións non Presupostarias	156,22
	Menos = Saldos de dubidoso cobro	0,00
	Menos = Ingresos pendentes de aplicación definitiva	
<b>2</b>	<b>OBLIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO</b>	<b>56.853,95</b>
	De Presuposto de gastos. Presuposto Corrente	13.135,79
	De Presuposto de gastos. Presupostos Pechados	0,00
	De Outras Operacións non presupostarias	43.718,16
	Menos = Pagos pendentes de aplicación definitiva	0,00
<b>3</b>	<b>(+) FONDOS LIQUIDOS EN TESOURERÍA</b>	<b>276.211,84</b>
<b>4</b>	<b>REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1-2+3-4)</b>	<b>655.075,62</b>
<b>5</b>	<b>GASTOS FINANCIAMENTO AFECTADO</b>	<b>0,00</b>
<b>6</b>	<b>SALDOS DE DUBIDOSO COBRO</b>	97.386,30
<b>7</b>	<b>REMANENTE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(4-5-6)</b>	<b>557.689,32</b>

SEGUNDO.- Desta liquidación darase conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebre. En cumprimento do disposto no artigo 193.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- Analizada a Liquidación 2015 que se somete a aprobación e visto que:

-CUMPRE co obxectivo de ESTABILIDADE PRESUPUESTARIA, arroxando unha capacidade de financiamento ó peche do exercicio de 187.387,92 €.

-CUMPRE co obxectivo da REGRA DE GASTO, arroxando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ó peche do exercicio de 4.732,86 Euros.

-CUMPRE co límite de débeda, arroxando un volume de débeda viva que ascende a 527.387,41 €, que supón o 33,21% dos ingresos correntes de carácter ordinario.

-O Período Medio de Pago ESTÁ DENTRO do establecido, sendo no derradeiro trimestre do 2015 de 7,52 días.



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



En virtude do disposto polo artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, a entidade local deberá remitir o informe á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira no prazo de quince (15) días, contados dende o coñecemento deste informe polo Pleno.

CUARTO.- Achegaranse copias da presente liquidación á Administración do Estado, a través da plataforma informática da Oficina virtual das Entidades Locais e á Comunidade Autónoma, a través da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

QUINTO.- Unha vez que se aprobe polo Pleno do Concello, a Conta Xeral, que deberá obterse no seu momento en base a esta liquidación, enviarase copia da mesma, a efectos da preceptiva fiscalización externa, ó Consello de Contas de Galicia, debendo estar a disposición deste Organismo cantos documentos e xustificantes integran a referida Conta e Liquidación.

### **E) EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO CONVENIO A SUBSCRIBIR ENTRE O CONCELLO E O CLUB E.D. LOURENZÁ PARA O DESEÑO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE FÚTBOL, FÚTBOL SALA, ATLETISMO, BALONCESTO, TENNIS DE MESA, BÁDMINTON E PATINAXE.**

Seguidamente, visto o borrador do Convenio a subscribir entre o Concello e o Club E. D. Lourenzá para o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais de Fútbol, Fútbol Sala, Atletismo, Baloncesto, Tennis de Mesa, Bádminton e Patinaxe, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúe o seu número legal ACORDÓU:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio a subscribir entre o Concello de Lourenzá e o Club E.D. Lourenzá para o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais de Fútbol, Fútbol Sala, Atletismo, Baloncesto, Tennis de Mesa, Bádminton y Patinaxe, nos termos nos que está redactado e que son os que se transcriben a continuación:

#### "1.- OBXECTIVOS DO CONVENIO:

Os obxectivos xerais do Convenio para o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais serán:

A) Coordinar, Cooperar, e Impulsar actividades desenvolvidas por entidades sen ánimo de lucro que por outro lado complementan servizos de utilidade pública e interese social.

B) Colaborar mediante o ensino deportivo no proceso de educación integral do alumnado, entendendo sempre as ensinanzas deportivas, no como un fin en si mesmas, senón como un medio de colaboración en tal proceso.

C) Rodear ó proceso de ensino deportivo do ambiente que garanta o benestar persoal do alumnado, e o fomento e a mellora das súas relacións humanas.

D) Crear hábitos deportivos e hixiénicos para que nun futuro se desenvolvan autonomamente e contribúan á consecución do estado de benestar físico, mental e social da persoa adulta.

E) Garantir a todo o alumnado, en función dos recursos dispoñibles, a posibilidade de aprender e practicalo deporte que eles elixan libremente, e poder desenvolver as súas aptitudes deportivas básicas nun entorno sa e seguro.

F) Inculcar calidades tales como a orde, disciplina, respecto ós demais, así

como o coñecemento do regulamento da modalidade deportiva.

G) Fomentar un espírito de esforzo e de responsabilidade en Cooperación co outro/a.

H) Dotar ao alumnado dos conceptos técnicos e tácticos adecuados a súa idade e nivel de desenvolvemento e actuar acorde cos principios metodolóxicos propios da Educación Física, e que estea imbuída nun marcado cariz lúdico -educativo.

I) Servir como marco regulador para ambas partes en canto a dereitos e obrigacións.

## 2.-XENERALIDADES

A).- A estrutura deportiva de cada etapa de formación e modalidade deportiva incluída neste Convenio farase indicando categorías, grupos, idades, e prazos totais.

B) O calendario das Escolas Deportivas adaptarase ao calendario escolar, descansando en períodos de vacacións, pontes e festivos, salvo que se autorice o contrario por razóns técnicas ou competitivas. O desenvolvemento das actividades nas Escolas Deportivas será, por regra xeral, de outubro a xuño (ambos incluídos). Poderase comezar antes e finalizar con posterioridade se o Club E.D.Lourenzá, encargado da dirección técnica o solicita e sempre xustificado polo calendario de competición.

C) O club ou entidade dispoñerá do persoal coa titulación ou capacitación suficiente para a organización do deporte no seu traballo de Escolas Deportivas.

D) O Concello será totalmente alleos ó contrato de compra, subministro e calquera outro que o club realice unilateralmente sen autorización previa e por escrito da Administración, para o funcionamento da Escola Deportiva.

E) A xestión da instalación por parte do club non exclúe á Administración para realizar actividades puntuais ou regulares en dita instalación, previo aviso, ó club ou entidade; nun prazo de 48 h. como mínimo.

F) O club ou entidade atenderá ás normas de uso de instalacións deportivas municipais vixentes.

G) O equipamento, material técnico ou calquera tipo de material adquirido con cargo ás subvencións da Administración será de propiedade municipal, limitándose o club ou entidade á xestión do seu uso e custodia do mesmo.

H) Concepto de alumnado: Se considerarán alumnas e alumnos das Escolas Deportivas Municipais a todas aquelas persoas que contando con praza dispoñible definitiva teñan presentado toda a documentación requirida e satisfeito O PAGO DAS CUOTAS OBRIGATORIAS DA TAXA MUNICIPAL NOS PRAZOS ESTIPULADOS"

I) En calquera caso, o Concello de Lourenzá quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións as que quedan obrigado o Club en virtude do presente Convenio.

J)O Club disporá da xestión do bar do campo e do bar ou máquina expendedora do pavillón, sendo a xunta rectora do Club quen ingrese os beneficios obtidos pola explotación do mesmo, debendo quedar constancia na súa contabilidade dos ingresos obtidos por este concepto.

## 3.-OBRIGACIÓNS DO CLUB E.D.LOURENZA

A) Propoñer ao Concello un equipo técnico e humanamente cualificado para atender-los diferentes grupos das Escolas.

B) Planificar , co visto bo dos Monitores Deportivos Municipais de Lourenzá, a estrutura, organización, obxectivos das Escolas Deportivas para a tempada en curso así como os criterios técnicos, didácticos e metodolóxicos da Escola Deportiva. DITA MEMORIA DE PLANIFICACIÓN DEBERÁ PRESENTARSE Ó CONCELLO ANTES DA SINATURA DO CONVENIO OU PRORROGA DO MESMO.

C) Coordinar as actuacións de tódolos monitores/as e realizar o seguimento dos distintos grupos das Escolas.

D) Establecer as necesidades de material e equipamento, e as prioridades de compra e comunicar ao Monitor Municipal de Deportes os desperfectos observados



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



nas instalacións deportivas.

E) Supervisa-las inscricións, fichas, cotas e calquera outro requisito que as diferentes Escolas teñan que cumprir para poder participar nas competicións e campionatos que se teñan disposto na programación anual así como establecer os equipos de competición e asignar os horarios ós diversos grupos das Escolas nas instalacións municipais.

F) Subscribir para tódolos alumnos/as inscritos nas Escolas Deportivas Municipais un seguro de accidentes.

G) Trasladar ó Concello toda circunstancia, queixa ou solicitude que considere necesaria.

H) Atendera os pais, nais ou responsables do alumnado das Escolas.

I) En toda documentación e publicidade xerada polo club sobre esta actividade farase mención do carácter municipal da escola deportiva e figurará o logotipo do Concello de Lourenzá.

J) O club ou entidade comprométese á promoción, difusión e asentamento do deporte de ambos municipios.

K) O club, no desenrolo do obxecto deste Convenio, non poderá percibir cantidade algunha pola utilización das instalacións obxecto deste Convenio con actividades deportivas doutra índole por parte de terceiros sen autorización previa e por escrito da Administración e previo escrito xustificativo de tal solicitude.

L) O club atenderá á reposición de material deportivo, segundo de qué instalación se trate. Será o encargado de repoñer material deportivo para adestramentos e competicións, sobre todo o material funxible que se renova anualmente para a práctica deportiva (balóns, ...) material didáctico - deportivo, vestimenta deportiva.

#### 4.- OBRIGACIÓN DO CONCELLO:

A) A Administración comprométese á cesión gratuíta das instalacións deportivas municipais precisas para o desenrolo das escolas deportivas municipais.

B) A administración cederá espazo publicitario para explotación polo club nas instalacións cedidas, co obxecto de recadar fondos para financiar parte da actividade deportiva, do que deberá quedar constancia na contabilidade do club e nos seus extractos bancarios.

C) A Administración comprométese á facilitar os medios dos que dispoña para o desenrolo e promoción das escolas deportivas municipais e intentará colaborar co club ou entidade, tanto na promoción do nome do Concello nas súas actuacións como na busca de sponsor, se se estimara necesaria.

D) A Administración facilitará tanta información obre no seu poder sobre acordos, actividades, servizos, convocatorias de subvencións, etc.; que podan ser de interese para o cumprimento dos obxectivos propostos neste convenio.

#### 5.- CUOTA OBRIGATORIA DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

1.- O Concello de Lourenzá establecerá a cota obrigatoria a satisfacer para a participación nas Escolas Deportivas Municipais a través da súa respectiva Ordenanza.

2.- Dita cota será integramente satisfeita por todos os/as participantes. As posibles excepcións o modificacións desta norma precisarán do desenrolo e aprobación da mesma.

3.- Os alumn@s faranse socios deportivos das Escolas, e aboarán o pago en un ou dous prazos nos meses de setembro e febreiro. A persoa que queira darse de baixa para o segundo cuadrimestre na actividade que estea realizando deberá notificalo por escrito ao Club

4.- Aportación Voluntaria: O Club poderá solicitar dos participantes nas Escolas Deportivas Municipais o pago dunha cantidade suplementaria de carácter voluntario, denominada "Aportación Voluntaria". Os ingresos obtidos a través da aportación voluntaria destinaranse obrigatoriamente a áreas estritamente deportivas, que impliquen unha mellora no servizo dado ao participante como:

- Actividades extraordinarias organizadas polo Club.
- Actividades extraordinarias nas que participe o Club.
- Participación en competición oficial que se atope fora do ámbito de subvención do concello.
- Publicacións, cursos e charlas organizadas polo Club.
- Outros servizos adicionais.

5.- O Club informará obrigatoriamente por escrito aos participantes e ó Concello da "Aportación Voluntaria" que se vaia a solicitar, indicando claramente os seguintes extremos, e antes deberá contar coa aprobación do Concello:

- El carácter voluntario del pago.
- A contía económica e a súa diferenciación coa Cuota Obrigatoria.
- Tempada de aplicación.
- Servizos adicionais que se obteñen.

#### 6º.- ASIGNACIÓN PRESUPUESTARIA E CONDICIÓNS DA SUBVENCIÓN.

1.- A aportación económica do Concello de Lourenzà para o funcionamento das Escolas Deportivas Municipais será exclusivamente o importe recadado coa Taxa Municipal.

2.- O concello de Lourenzà, co fin de facilita-los trámites, delegará no Club os trámites de inscrición e pago das cotas establecidas na correspondente Ordenanza para a participación nas Escolas Deportivas Municipais.

Unha vez finalizado o período de pago de cada prazo, o Club deberá presentar no Concello unha lista numerada co nome, apelidos , dirección e xustificante de pago de tódolos alumnos que formen parte das escolas deportivas municipais.

3.- O orzamento financiable estará composto polos seguintes gastos subvencionables:

- Gastos de persoal
- Gastos de material didáctico – deportivo
- Gastos de vestimenta deportiva
- Primas de seguros
- Gastos de publicidade .

- Os gastos de transporte serán subvencionables, primeiro, no caso de ter contratado a un terceiro (coche, aluguer, autocar, etc.) ate o importe total soportado pola entidade ou segundo, cando tendo vehículo propio a entidade, os gastos debidamente xustificadas que este orixine e que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma para o que deberase presentalo modelo que se achega ó presente convenio como Anexo II. No serán subvencionables os gastos que no sexan estritamente necesarios para exercer a actividade deportiva.

4.- A subvención municipal será incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente publico ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento. Nese caso poderanse compatibilizar ate a contía do devandito orzamento.

#### 7º.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A xustificación de aboamento da subvención presentarase coa seguinte documentación:

A) MEMORIA DE ACTUACIÓN XUSTIFICATIVA e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadados. En todo caso, os gastos subvencionados deberán ter sido realizados durante a **temporada 2015/2016**.

B) MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA DO CUSTO DA ACTUACIÓN REALIZADA, QUE CONTERA:



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

TIF: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



1. Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.

2. Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.

3. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo ate o importe da subvención concedida e relacionadas coa actividade subvencionada. As facturas que se presenten como xustificación da subvención concedida deberán cumprir os requisitos do R.D. 1496/2003 de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas da facturación.

Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais ou copias compulsadas.

4.- No caso de gastos de persoal, mediante orixinais ou fotocopias compulsadas de nóminas ou recibís ademais do xustificante do abono das mesmas (recibí do empregado ou xustificación transferencia bancaria) e TCS, no seu caso, co selo da entidade financeira xustificativa do seu abono ou xustificantes da entidade bancaria na que se realice o pago de tales gastos.

5. Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

6. Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións publicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade sen que en ningún caso, o importe conxunto de tódalas axudas poida ser superior ó gasto realizado, o cal deberá quedar acreditado coa documentación xustificativa que proceda; ou, se e o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

7.- Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social.

### 8º.- RESCISIÓN DO CONVENIO.

1.- Incumprimento dos acordos establecidos no presente convenio, previa denuncia, por calquera das partes.

2.- Por mutuo acordo.

3.- Por disolución do club ou entidade encargada

### 9º.- DURACIÓN DO CONVENIO.

1.- Este convenio terá unha duración anual, coincidente a súa vixencia co desenrolo do curso escolar, co que debe coincidir á súa vez cada período da escola deportiva municipal, nembargante, e por acordo expreso das dúas partes poderase ir prorrogando por períodos anuais, no momento da firma do acordo cabe a posibilidade de engadir modificacións tanto no referente á contía da subvención como ó funcionamento da escola.

2.- No suposto de rescisión do presente convenio, ambas entidades quedarán liberadas de toda contraprestación que se establecera ó respecto.

Na proba de conformidade, as partes intervincentes firman por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e datas sinalados."

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a sinatura do citado Convenio.

Terceiro.- Como trámite previo á sinatura do Convenio, ol Club E. D. Lourenzá, deberá presentar a Memoria de Planificación a que se fai referencia no punto 3.b) do citado Convenio.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo ó Club E.D. de Lourenzá, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**F) DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO Nº 474 DE DATA 01/02/2016 REMITIDO POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR REFERENTE AO PLAN MARCO DO PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS 2016 E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

Visto o contido da Resolución do 25 de Xaneiro do 2016 do Director Xeral de AGADER, remitido pola Consellería do Medio Rural e Do Mar, rexistrado de saída o día 02/02/2016 co numero 474, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 03/02/16, sendo rexistrado co núm. 162, e polo que se notifica a este Concello a aprobación do PLAN MARCO DO PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS 2016 do Concello de Lourenzá, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ( FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e segundo o cal a este Concello corresponderíalle a cantidade de 69.071 Euros.

Así, a Xunta de Goberno Local, decatada do contido da devandita Resolución, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- A participación no citado PLAN MARCO DO PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS 2016 do Concello de Lourenzá, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, concretamente co proxecto denominado "MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS NO CONCELLO DE LOURENZÁ", para o cal lle corresponde unha subvención por importe de SESENTA E NOVE MIL SETENTA E UN (69.071-) EUROS.

SEGUNDO.- Aprobar o Proxecto denominado "MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS NO CONCELLO DE LOURENZÁ" de data 19/02/16, redactado pola arquitecta municipal D<sup>a</sup>. Marta Sánchez Seivane, colexiada núm.2796 do COAG cun orzamento xeral de Sesenta e nove mil setenta e un (69.071.-) Euros (sen IVE) e un orzamento de execución por contrata de Oitenta e tres mil cincocentos setenta e cinco euros con noventa e un céntimos (83.575,91.-)IVE INCLUÍDO:

<i>PRESUPOSTO</i>	69.071,00 €
<i>IVE (21%)</i>	14.504,91 €
<i>TOTAL</i>	83.575,91 €

TERCEIRO.- Ratificar que todos os camiños incluídos no proxecto de "MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS NO CONCELLO DE LOURENZÁ", dan acceso a fincas que integran unha explotación agraria inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia ou noutro rexistro público de carácter análogo.

CUARTO.- Ratificar a titularidade municipal dos terreos afectados polo proxecto xa citado, e que aparecen incluídos no dito Plan Marco e que son os seguintes:



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



	RELACIÓN DE CAMIÑOS	LONXITUDE
1	Camiño de Lavandeira.	726 metros.
2	Camiño de San Pedro	353 metros.
3	Camiño do Pacio	869 metros.
4	Camiño de Chacote	552 metros.
5	Camiño de Outeiro	217 metros.
6	Camiño de Penelas	258 metros.
7	Camiño de Penelas 2	148 metros.
8	Camiño de Soutovello	673 metros.

**QUINTO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a firma de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**SEXTO.-** Remitir certificación do presente acordo a AGADER, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

(Neste momento, sendo as catorce -14,00- horas, ausentase da sesión o concelleiro D. Carlos Rivas Rivas.)

### **5º.- OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL.**

#### **A).- EXPTE. DE SUSPENSION TEMPORAL DO SERVIZO DE AXUDA NON FOGAR.-**

Visto escrito de D. Jesús Gacio Sante con D.N.I. nº 76.558.999A con domicilio en Tilleira, 8 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, quen solicita a suspensión temporal do servizo de axuda no fogar por motivos persoais dende o 09/02/16 ata o 29/02/16, con reserva de praza. A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a SUSPENSION TEMPORAL do servizo de Axuda no Fogar de D. Jesús Gacio Sante dende o 09/02/16 ata o 29/02/16 con reserva de praza.

#### **B) EXPTE. 236/16 DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS**

Vista solicitude núm. 236 de 16/02/16 subscrita por D. ANTONIO RODRIGUEZ MOIRON, con D.N.I. Nº 33.849.768R con domicilio en Lomparte, 9 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Casanova, 5 da Parroquia de Santo Tomé deste termo Municipal, que antes figuraba a nome de D<sup>a</sup>. Concepción Moirón Vidal, e para que agora figure a nome de D. Antonio Rodríguez Moirón en Casanova, 5, Santo Tomé.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2016.

#### **C) EXPTE. 228/16 DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS**

Vista solicitude núm. 236 de 16/02/16 subscrita por D. LINO LOPEZ BOUSO, con D.N.I. Nº 76.547.817E con domicilio en Iglesia, 44 da

Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Iglesia, 44 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. José López Gavín, e para que agora figure a nome de D. Lino Lçópez Bouso en Iglesia, 44, San Adriano.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2016.

**D) EXPTE. 219/16 DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS**

Vista solicitude núm. 219 de 15/02/16 subscrita por D. JAVIER BARCIA IGLESIAS, con D.N.I. Nº 77.596.178C con domicilio en Outeiro, 3 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Outeiro, 3 da Parroquia de San Jorge deste Termino Municipal, que antes figuraba a nome de D. Orlando Barcia Villarino e para que agora figure a nome de D. Javier Barcia Iglesias en Outeiro, 3, San Jorge.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2016.

**E.-) EXPTE. NUM. 223/16 DE D. ROBERTO CABANA BARRERA DE SOLICITUDE DE ALTA NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

Vista solicitude núm. 223/16 subscrita por D. ROBERTO CABANA BARRERA, con N.I.F. núm. 33.347.082A, con domicilio en Campo da Feira, 18-20 baixo B, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o alta no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Campo da Feira 18-20 baixo B, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dicha alta con efectos do primeiro trimestre de 2016.

**F.-) EXPTE. NUM. 206/16 DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> PAZ FERNANDEZ VIDAL DE DEVOLUCION DO 4º TRIMESTRE DO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-**

Vista solicitude nº 206 de 12/02/16, subscrita por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> PAZ FERNANDEZ VIDAL, con D.N.I. nº 76.565.784A, con domicilio en Iglesia, 12 da Parroquia de San Adriano deste Térmo Municipal, na que insta a devolución do 4º trimestre do recibo de recollida de residuos sólidos urbanos, en Igesia, 9, San Adriano, por ter sido dado de baixa pola Xunta de Goberno Local de 14/12/15, por cumprir as condicións para causar baixa no citado servizo.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a devolución do 4º trimestre do recibo de recollida de residuos sólidos urbanos, en Iglesia, 9, da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal.

**G) EXPTE. NUM. 131/16 DE CAMBIO DE TITULARIDADE NOS POSTOS DE MERCADO.-** Vista solicitude de 29/01/16 subscrita por D. MARTIN CABANAS RODRIGUEZ con D.N.I. nº 33.557.255W con domicilio en Reguengo, 2 do Termo Municipal de Mondoñedo na que solicita o cambio de



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

TIF: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



titularidade no posto de Mercado número 1, que antes figuraba a nome de D. José Ramón Cabanas Expósito e para que agora figure a nome de D. Martín Cabanas Rodríguez.

Vista a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda autorizar o cambio de titularidade no posto de mercado para que figure a nome de D. MARTIN CABANAS RODRIGUEZ.

### **H).- EXPETE 171/16 DE BAIXA NO POSTO DE MERCADO.**

Vista a solicitude de data 04/02/16 subscrita por D. AHMED EL MORCHID, con Tarxeta de Residencia nº X7223178M e con domicilio en C/ Enfermería, 1, 1º A do Termo Municipal de Meira, na que solicita a baixa no posto de Mercado nº 10.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dita baixa con efectos do mes de febreiro de 2016.

### **I).- EXPETE 120/16 DE BAIXA NO POSTO DE VENTA AMBULANTE.**

Vista a solicitude de data 27/01/16 subscrita por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> BLANCA DASILVA EXPOSITO con D.N.I. nº 76.549.990X e con domicilio en Piñeiro, 11 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, na que solicita a baixa no posto de Venta Ambulante no mercado comarcal gandeiro concedida pola Xunta de Goberno Local o día 05/12/14, así como a exención do pago dos recibos pendentes posto que nunca utilizou dito servizo.

Vistos os informes dos encargados do mercado durante o período comprendido entre a data de autorización e a actualidade, no que informan que non se instalou o citado posto de venda ambulante.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar dita baixa con efectos do exercicio de 2016.

2º.- Aprobar a exención no pago dos recibos pendentes posto que nunca instalou o citado posto de venda ambulante.

### **J).- EXPTE NÚM. 266/16 DE APORTACION ECONOMICA A ASOCIACION DE COMERCIANTES, INDUSTRIAIS E AUTONOMOS DE LOURENZA PARA CARTELERIA.**

Vista solicitude de data 21/02/16 presentada por D<sup>a</sup>. LUCIA VALEA LOPEZ, en calidade de Secretaria da A.C.I.A.L. de Lourenzá con domicilio en Avda. de Mondoñedo, 8,1º e C.I.F. G-27109735, relativa a aportación económica de trescentos euros (300,00), correspondentes a aportación do Concello para o primeiro premio da categoría de Charangas que quedou deserto por non haber participantes no desfile do domingo de piñata, para destinalos como aportacion económica para carteleira para dito evento.

Vista a copia da factura presentada correspondente á carteleira por importe de cincocentos vinte e seis euros con trinta e cinco céntimos (526,35) así como una declaración de non ter recibido ningunha outra axuda económica para tal fin.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Conceder a Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Lourenzá, una axuda económica por importe de TRESCENTOS EUROS (300,00) para o pago de carteleira do desfile de carnaval do domingo de piñata.

3º.- Notificar o presente acordo a Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Lourenzá e efectuar o pago da axuda concedida a D. Javier Huertas Gonzalez, Presidente de dita Asociación.

**K) DACIÓN DE CONTA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BAIXAS AGRUPADAS DO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 01/07/2015 E O 31/12/2015 DO SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN DA EXMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Visto o informe de baixas agrupadas por municipio, concepto, exercicio, do período comprendido entre o 01/07/2015 e o 31/12/2015, dos conceptos de Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana e Rústica e do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, remitidos polo Servizo Provincial de Recadación da Exma. Deputación Provincial que se detallan seguidamente:

ANO	CONCEPTO	IMPORTE
2011	I.B.I. URBANA	53,67.-
2012	I.B.I. URBANA	8,02.-
2013	I.B.I. URBANA	1.504,72.-
2011	I.B.I. RÚSTICA	21,12.-
2013	I.B.I. RÚSTICA	612,65.-
2014	I.B.I. RÚSTICA	470,10.-
2010	IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	37,49.-
2011	IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	37,49.-
2013	IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	86,33.-
2014	IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	427,12.-
	TOTAL.....	3.258,71

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar as baixas agrupadas por concepto e exercicio, do período comprendido entre o 01/07/2015 e o 31/12/2015, dos conceptos de Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana e Rústica e do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, remitidos polo Servizo Provincial de Recadación da Exma. Deputación Provincial.

Segundo.- Dar conta ó Servizo de Tesourería para o seu toma de razón en contabilidade municipal

**6º- FACTURAS E CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

A.1) A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 09/06/2015, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

NOME E NIF. ACREEDOR	NUM. FACTURA E DATA	CONCEPTO	IMPORTE (IVE incluído)
LIBRERÍA JOSGUA, C.B. CIF. E27300680	Nº16-16 de 31/01/16	Material Con curso Poesía Nadal	37,15



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

TIF: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



LIBRERÍA JOSGUA, C.B. CIF. E27300680	Nº 15-16 de 31/01/16	Bolsas Disfraces para PAI	28,00
PROTESE, SISTEMAS SEGURIDAD CIF. B-27151091	Nº A2016/01051 de 01/01/2016	Alarma Colexio	218,16
PROTESE, SISTEMAS SEGURIDAD CIF. B-27151091	Nº A2016/01052 de 01/01/2016	Alarma Concello	653,40
COMERCIAL LOSVI, S.L. CIF. B-27151786	Nº 1600064 de 27/01/2016	Material Colexio	58,30
COMERCIAL LOSVI, S.L. CIF. B-27151786	Nº 1600065 de 27/01/2016	Material Centro da Faba	34,78
COMERCIAL LOSVI, S.L. CIF. B-27151786	Nº 1600066 de 27/01/2016	Material Campo Fútbol y Piscina	12,35
COMERCIAL LOSVI, S.L. CIF. B-27151786	Nº 1600067 de 27/01/2016	Material Incendios	3,61
COMERCIAL LOSVI, S.L. CIF. B-27151786	Nº 1600068 de 27/01/2016	Material Torreón y Colexio	59,10
COMERCIAL LOSVI, S.L. CIF. B-27151786	Nº 1600069 de 27/01/2016	Material Concurso Carteis Reis Magos	99,90
SERVIC. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160	Núm.S.S.PT.16/1/0001 5 de 31/01/16	Servizo Dependencia -Axuda no Fogar"/Xan. 2016 (fins de semana e festivos)(138,75horas)	1.803,75
SERVIC. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160	Núm.S.S.PT.16/1/0001 6 de 31/01/16	Servizo Dependencia -Axuda no Fogar" Xan. /16 (vacac. SAF municipal)/8 horas	95,68
SERVIC. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160	Núm.S.S.PT.16/1/0001 7 de 31/01/16	Servizo "Libre concorrencia" Xan. /16 (vacacións SAF municipal)/6,00 horas.	75,90
SERVIC. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160	Núm.S.S.PT.16/1/0001 8 de 31/01/16	Servizo "Axuda no Fogar" Xan.. 2016 (Incidencias Dependencia)/54 horas	702,00
SERVIC. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160	Núm.S.S.PT.16/1/0001 9 de 31/01/16	Servizo "Axuda no Fogar" Xan.. 2016 (Incidencias L.Concorrencia)/2 horas	26,40
NOCEDA ASESORES CIF B27174085	Nº 404/16 de 01/02/16	Honor. Xaneiro 2016	557,81
CANON SISTEMAS DE OFIC. LUGO, S.A. CIF. A27142462	Nº 1600049 de 26/01/16	Conectividad Plus 23/01/16 a 22/01/17	121,00
CANON SISTEMAS DE OFIC. LUGO, S.A. CIF. A27142462	Nº 1600665 de 29/01/16	Copias S.Sociais. Mod.MF8540CDN (30-11-15 a 29-01-16)	40,16
CANON SISTEMAS DE OFIC. LUGO, S.A. CIF. A27142462	Nº 1600651 de 29/01/16	Copias Biblioteca. Mod.MF8550CDN (30-11-15 a 29-01-16)	23,90
TALLERES ODIFER, S .L. CIF. B27020221	Nº 20081 de 27/01/2016	Arranxo Vehículo Incendios	176,12
TALLERES ODIFER, S .L. CIF. B27020221	Nº 20082 de 27/01/2016	Arranxo Camión cesta	111,80
ULTIMA CONSULTING,S.L. CIF. B-47701214	Núm. 201.600.082 de 19/01/2016	Tonner fotocopiadora Serv. Deportivos	354,41
SUCURSAL MANCEBO. Fernando López González NIF. 33696829-N	Núm.1 de 26/01/2016	Material de oficina	2.046,97
SUCURSAL MANCEBO.	Núm.5 de 26/01/2016	Material de oficina	674,93

Fernando López González NIF. 33696829-N			
PABLO RODIL VILLABRILLE S.L. CIF. B27356765	Nº 000488 de 16/12/15	Reparación ordenador A.R.I.	121,00
COMERCIAL LOSVI, S.L. CIF. B-27151786	Nº 1600093 de 05/02/2016	Secadora para Campo Fútbol	449,01
COMERCIAL LOSVI, S.L. CIF. B-27151786	Nº 1600069 de 27/01/2016	Teléfono móbil	24,01
E.S. GALP LOURENZA CIF. B79083796	Núm. 8800752662 de 31/01/16	Gasóleo vehículos varios	750,21
ANA Mª. CARTOY GEADA NIF. 77594714-M	Núm.000013 de 01/02/2016	Material P.A.I.	15,90
SUMINISTROS O CANDADO, S.L. NIF.B-27431931	Nº 4616 de 31/01/2016	Material Obradoiro	14,96
SUMINISTROS O CANDADO, S.L. NIF.B-27431931	Nº 4516 de 31/01/2016	Material para Actos Nadal	305,61
SUMINISTROS O CANDADO, S.L. NIF.B-27431931	Nº 4316 de 31/01/2016	Material para CEIP Juan Rey	66,82
SUMINISTROS O CANDADO, S.L. NIF.B-27431931	Nº 4416 de 31/01/2016	Material Servizos varios	125,44
CANON SISTEMAS DE OFIC. LUGO, S.A. CIF. A27142462	Nº 1600538 de 29/01/16	Copias Oficinas Xerais Mod.C52351I (28-12-15 a 29-01-16)	122,52
ABASTEC. EUGENIA LOPEZ CIF 33797654M	Núm. 40160186 de 05/02/2016	Gasóleo Ctro. Saúde (850 litros)	425,00
ABASTEC. EUGENIA LOPEZ CIF 33797654M	Núm. 60160174 de 08/02/2016	Gasóleo Ctro. S.Sociais (650 litros)	325,00
XARDINAGRO, S.L. NIF. B27169515	Nº 60132 de 01/02/16	Material Obradoiro	30,50
PLUS ULTRA SEGUROS ESA30014831	Núm. APSPLUS20160000006 4 de 18/02/2016	Seguro Furgoneta para mantemento Xardíns	431,13
MOURE MAQUINARIA S.L. CIF. B-27173384	Núm. S13 de 04/02/16	Material Obradoiro	228,85
MOURE MAQUINARIA S.L. CIF. B-27173384	Núm. T5 de 04/02/16	Material Obradoiro	144,15
MOURE MAQUINARIA S.L. CIF. B-27173384	Núm. S44 de 04/02/16	Cortacesped	295,00
UTRAMIC, S.L. CIF. B-15356.553	Núm. 01-160105 de 31/01/2016	Xestión e Tratamento Residuos Voluminosos	281,60
ANGOBRAAMA, S.L. CIF. B-27.473.784	Núm. 18 de 31/01/2016	Produtos Limpeza C.Fútbol	28,61
ANGOBRAAMA, S.L. CIF. B-27.473.784	Núm. 19 de 31/01/2016	Produtos Limpeza Torreón	15,96
ANGOBRAAMA, S.L. CIF. B-27.473.784	Núm. 20 de 31/01/2016	Produtos Limpeza P.A.I.	37,19
ANGOBRAAMA, S.L. CIF. B-27.473.784	Núm. 21 de 31/01/2016	Produtos Limpeza Concello	11,17
ANGOBRAAMA, S.L. CIF. B-27.473.784	Núm. 22 de 31/01/2016	Produtos Limpeza Colexio	13,21
ANGOBRAAMA, S.L. CIF. B-27.473.784	Núm. 23 de 31/01/2016	Produtos Limpeza Biblioteca	9,61
ANGOBRAAMA, S.L. CIF. B-27.473.784	Núm. 24 de 31/01/2016	Produtos Limpeza Pavillón	4,63



# Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



PLUS ULTRA SEGUROS CIF. ESA30014831	Núm.APSPLUS2016000 00095 DE 20/02/16.	Seguro Camión Brazo 3985FKV de 20/02/2016 a 20/02/2017	375,45
OLGA KARAGEORGIAN BLANCO NIF. 76565760-W	Xaneiro 2016	Desprazamentos Ax. Domicilio 748 Km.	142,12
Mª ELITA BRAÑA GARCÍA NIF. 33832086Y	Xaneiro 2016	Desprazamentos Ax. Domicilio 353 Km.	67,07
EULALIA GONCALVES ARAUJO, NIF. X1166446-R	Xaneiro 2016	Desprazamentos Ax. Domicilio 461 Km.	87,59
LOURDES ALVAREZ ARIAS, NIF.33859842-R	Xaneiro 2016	Desprazamentos Ax. Domicilio 524 Km.	99,56
FRANCISCA REGO LÓPEZ DNI. 33307097S	Xaneiro 2016	Desprazamentos Ax. Domicilio 812 Km.	154,28
MARIA JESUS BOUSO BARCIA NIF. 33348237-P	Xaneiro 2016	Desprazamentos Ax. Domicilio 507 km.	96,33
ROCIO DASILVA RIVAS NIF. 77597477-P	Decembro 2015	Desprazamentos varios(62 km)	11,78
TOTAL			13.578,85

**B) RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA DE 27/01/2016  
APROBANDO FACTURA NÚM. ZFA25000001361269 DE SUPERVISION  
Y CONTROL, S.A.**

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión, ACORDOU ratifica-la Resolución da Alcaldía de data 27/01/2016 sendo o seu contido literal o que segue:

*"A la vista de la fra. núm. ZFA25000001361269 emitida el 26 de enero de 2016 por la empresa SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A., con CIF: A-15117609, en concepto de INSPECCIÓN PERIÓDICA OBLIGATORIA del vehículo Fiat Ducato con matrícula 5530FZH, por importe de 46,55 euros (CUARENTA Y SEIS EUROS CON CINCUENTA Y CINCO CÉNTIMOS), esta Alcaldía en virtud de las atribuciones que le vienen conferidas,*

**VIENE EN RESOLVER:**

*Proceder a la aprobación y reintegro de la factura nº ZFA25000001361269 emitida el 26 de enero de 2016 por la empresa SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A., con CIF: A-15117609, en concepto de INSPECCIÓN PERIÓDICA OBLIGATORIA del vehículo Fiat Ducato con matrícula 5530FZH, por importe de 46,55 euros (CUARENTA Y SEIS EUROS CON CINCUENTA Y CINCO CÉNTIMOS), a D. Jorge Maseda Baamonde con D.N.I. Núm. 76.596.775-L.*

*Lo mandó y firma la Sra. Alcaldesa Presidente en Lourenzá a veintisiete de enero de dos mil dieciseis".*

E non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Alcaldía - Presidencia levantase a sesión sendo as quince horas, estendéndose do seu resultado a presente acta, fiel reflexo dos feitos acaecidos no transcurso da mesma, da que como Secretaria dou fe.

Vº e.Pr.

La Alcaldesa - Presidenta,

La Secretaria - Interventora,



